



XORNADA

Faite Profesional Dixital dos Contidos Dixitais

Esteban Vázquez (Santiago de Compostela, 1983)

Formación: Enxeñeiro Técnico en Informática. Máster en Dirección de Proxectos pola Universidade de Santiago de Compostela

- Que fai un experto en xogos interactivos?

Basicamente xogar moito. Pero a verdadeira resposta é que nos pasamos moitísimas horas aprendendo e estudando conceptos como a usabilidade para tratar de conseguir que os nosos conceptos se plasmen da maneira máis clara e amigable para os usuarios.

- Como chegaches a esta profesión?

Cheguei un pouco de rebote. Sempre foi un campo que me gustaba dentro da informática. Eu estaba especializado en creación de interfaces web, pero un bo día un cliente propúxonos o reto de crear un interactivo infantil, e foi entón cando lle collemos o gusto a este mundo.

- Que oportunidades de futuro representa?

O mercado dos xogos actualmente ten un gran futuro. En volume de facturación temos exemplos de xogos que superan en presupostos e recadación as grandes superproduccións de Hollywood.

- Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

Formarse, formarse e despois diso seguir formándose. Ese é o único segredo que hai para dedicarse a isto.